



Deseño de sistemas de produción futuros no sector mar-industria



8 de maio



10.00 horas



ANFACO-CECOPESCA, Ctra. Colegio Universitario, Vigo

Clusaga e ANFACO-CECOPESCA organizan este obradoiro co propósito de explorar novas estratexias e oportunidades no deseño de sistemas de produción futuros no sector mar-industria. Con esta finalidade, identificaremos recursos infrautilizados e subprodutos do procesamento para o seu aproveitamento sostible, e analizaremos as barreiras e oportunidades no desenvolvemento e introdución de novos produtos.

Este obradoiro enmárcase no proxecto IMPRESS, que busca impulsar a economía mariña e de auga doce de base biolóxica en Europa a través da co-creación, oferta e promoción de novos produtos e procesos mellorados utilizando especies de baixo nivel trófico.

Trátase dun encontro enfocado a empresas e entidades do sector pesqueiro, acuícola e conserveiro, que se desenvolverá baixo a forma dunha sesión interactiva de co-creación. Deste xeito, as persoas participantes terán a oportunidade de compartir os seus coñecementos, experiencias e perspectivas sobre os temas propostos.

Para asistir a este obradoiro é preciso inscribirse antes do 6 de maio ás 15.00 horas a través do formulario que aparece a continuación.

Máis información

✉ idi@clusaga.org

☎ 682 616 021

[FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN](#)

PROGRAMA

10.00	Benvida e presentación
10.20	Identificación e avaliación de recursos infrautilizados de especies de baixo nivel trófico para a súa explotación sustentable
10.50	Identificación dos subprodutos do procesamento
11.10	Desenvolvemento de novos produtos e substitutos no sector mariño
11.55	Identificación de barreiras e oportunidades no desenvolvemento de novos produtos
12.25	Conclusións e clausura da xornada